HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (*A/1, A/2, B/1, B/2)*.

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *A ópera no Clasicismo* (4 puntos)

a) As óperas de Mozart: características.
b) Ópera seria e ópera bufa.

DEFINICIÓNS (2 puntos):

1. Obertura.
2. Clarinete.
3. Polonesa.
4. Instrumentos de percusión na orquestra.

Opción B

TEMA: *A música sinfónica no século XIX* (4 puntos)

a) L. van Beethoven .
b) A orquestra romántica.

DEFINICIÓNS(2 puntos)**:**

1. O poema sinfónico.
2. O piano romántico.
3. Mazurka.
4. Os instrumentos de vento-metal.

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

a) Identificar a obra e datala.
b) Indicar o autor e o seu contexto.
c) Elementos que participan.
d) Xénero da obra.

Opción 2

a) Identificar a obra.
b) Indicar o autor e datación aproximada.
c) Avaliación da orquestra que intervén.
d) Xénero da obra.

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (*A/1, A/2, B/1, B/2)*.

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *O Nacionalismo* (4 puntos)

a) Definición de Nacionalismo musical e explicación do movemento
b) O nacionalismo en España: Manuel de Falla.

DEFINICIÓNS (2 puntos):

1. *Folklore*
2. Himno
3. Timbal
4. *Zarzuela*

Opción B

TEMA: *A música vocal no Barroco* (4 puntos)

a) Bach e Haendel
b) Oratorios e cantatas

DEFINICIÓNS(2 puntos)**:**

1. Fagot
2. Fuga
3. *Recitativo*
4. O *Coral* protestante

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

a) Identificar a obra e datación aproximada
b) O autor
c) Ambiente e contexto cultural
d) Xénero ó que pertence

Opción 2

a) Identificar a obra e datación aproximada
b) Indicar o autor e o seu contexto
c) Xénero ó que pertence
d) Describir a formación orquestral que se escoita

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. Valorarase, así mesmo, a capacidade do alumno/a para encadrar axeitadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, achegando cantos máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento etc.
En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumno/a poida encadrala axeitadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; así mesmo, que determine a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na producción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poida obterse ou deducirse da audición.
Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias ou incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

CUALIFICACIÓNS. Haberá dous bloques, teórico e práctico, que globalmente terán a puntuación de 6/4, distribuídos así:

Teórico (6 puntos) (tema, 4 puntos; definicións 2 puntos)
Práctico (4 puntos)

Acceso aos documentos de audio:
http://ciug.cesga.es/docs/audio/HMD2010xunopcion1.mp3 **(*Ondas do mar de Vigo* de M.Codax)**
http://ciug.cesga.es/docs/audio/HMD2010xunopcion2.mp3 **(*Danza da fada Golosina "Cascanoces"* de Chaikovsky)**

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. Valorarase, así mesmo, a capacidade do alumnado para encadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, achegando canto máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento etc.

En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumno poida encadrala adecuadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; así mesmo, determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poida obterse ou deducirse da audición.

Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias ou incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

Máis concretamente, na obra ***Tiento y Batalla***, de C. Halffter, aínda que non se especifique a obra ou o autor, teranse en conta as apreciacións referentes a elementos analíticos da música do século XX no que se encadra, e todo o relativo a aspectos contextuais en torno á música de vangarda.

CUALIFICACIÓNS

1.- Haberá dous bloques, teórico e práctico, que globalmente terán a puntuación de 6 / 4 (6 o teórico, 4 o práctico).

Teórico (6 puntos) (tema, 4 puntos; definicións 2 puntos)
Práctico (4 puntos)

Acceso aos documentos de audio:
http://ciug.cesga.es/docs/audio/HMD2010setopcionA.mp3 **(*Aleluia do "Mesías"* de G.F. Haendel)**
http://ciug.cesga.es/docs/audio/HMD2010setopcionB.mp3 **(*Tento do 1º ton e Batalla Imperial* de C. Halffter)**